

O SECRETARIO XERAL DE UGT-GALICIA REÚNESE CO CONSELLEIRO DE EMPREGO NUNHA PRIMEIRA TOMA DE CONTACTO E CUNHA APOSTA CLARA POR MANTER E INTENSIFICAR O DIÁLOGO SOCIAL

Redacción.- O secretario xeral de UGT-Galicia, Cristóbal Medeiros, reuniuse este mércores co conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González, nunha primeira toma de contacto e cunha aposta clara por manter e intensificar o diálogo social en Galicia.

Na xuntanza tamén participaron o secretario de Administración de UGT-Galicia, Rafael Vázquez; o secretario xeral técnico da Consellería, Joaquín Macho, e o secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Pablo Fernández.

Máis diálogo social

Cristóbal Medeiros na xuntanza fixo fincapé na necesidade de seguir mantendo os traballos do diálogo social en Galicia e intensificalos co fin de corrixir as eivas da realidade social, laboral e económica desta Comunidade. Insistiu en que o diálogo social é unha ferramenta útil e xusta. Exemplificou como nos momentos máis críticos, como foi a pandemia, amosouse como a mellor ferramenta para implimentar medidas e traballar por unha saída máis xusta e para evitar que, como sucedeu na crise de 2008, sexan os traballadores e traballadoras os pagáns das crises.

Diálogo social máis transversal

De cara ao futuro, UGT-Galicia aposta por un diálogo social máis transversal, é dicir, o Sindicato ta-



mén quere traballar neste contexto en materias como a vivenda, un dos grandes problemas que acecha á realidade deste país e que está a orixinar situacións límite para milleiros de persoas e familias.

Ademais, o Sindicato considera que chegou o momento de institucionalizar o diálogo social, de crear unha base xurídica que protexa esta figura para evitar que os vaivéns políticos o poñan en risco. Neste punto o conselleiro amosou o seu compromiso por traballar nesta liña.

Novos retos

En relación aos retos que están aí de cara aos vindeiros meses, haberá que abordar novos obxectivos no mer-

cado de traballo, seguir mellorando a calidade do emprego, atender aos problemas de empregabilidade das persoas que están en situación de desemprego de longa duración, todo o relativo á sinistralidade laboral, a redución da xornada...

En materia industrial os retos son moitos, hai que traballar por unha transición cara unha industria sostible, innovadora, que achegue valor engadido pero sen deixar a ninguén atrás. A transición enerxética tamén deberá ocupar un espazo importantes nos foros de diálogo social que se vaian artellando.

O tema da vivenda, igualdade ou o envellecemento demográfico tamén deberían ocupar un lugar prioritario nas mesas nas que se traballe.

ÁNGEL IGLESIAS, REELIXIDO SECRETARIO XERAL DA UGT-CORUÑA-CEE

Redacción.- Os delegados e delegadas do 14º Congreso de UGT A Coruña e Cee, que se celebrou o 21 de marzo na Coruña, elixiron cun 77,27% dos votos á nova Comisión Executiva de UGT-Coruña-Cee, encabezada polo secretario xeral, Ángel Iglesias. Unha Executiva integrada por 7 membros.

Así, a nova Comisión Executiva está formada por Ángel Iglesias, como secretario xeral; Celestino Criado, como secretario de Organización; Mónica Sánchez, secretaria de Administración; Pablo Barrio, secretario de Saúde Laboral e Medio Ambiente; Lidia Louzao, secretaria de Igualdade e Comunicación; Gerardo Méndez, secretario de Formación e Emprego; e María Luísa Varela, será a secretaria de Dereitos Sociais.

No acto de apertura do congreso interviñeron, entre outros, Aser Sanz, secretario de Organización de UGT-Galicia, que se dirixiu aos delegados e delegadas afirmando que UGT debe sentirse, como organización, orgullosa do feito, sobre todo, nos difíciles momentos que se viviron, con diversas crises, e que, grazas a insistencia e traballo en materia de diálogo social, artelláronse unha serie de medidas, unha rede social compacta, que axudou a que as consecuencias das crises sobre a clase traballadora e o tecido produtivo non fosen tan graves. O que demostrou que onde hai sindicatos hai máis xustiza.

Apostou por seguir traballando nesta liña e en facer máis e mellor sindicato, traballando por mellorar as cifras da afiliación e os resultados nas eleccións sindicais. E mellorar o sindicato significa ser máis áxiles, operativos, chegar máis e mellor á xente.

No acto de clausura tomou a palabra o secretario xeral de UGT-Galicia, Cristóbal Medeiros, que tamén aludiu á necesidade de seguir na senda de "Máis e mellor sindicato".

Saudou o traballo feito no eido do diálogo social pero alertou dos tempos difíciles que se avencian no eido internacional polo auxo dos autoritarismos e da extrema dereita, cuxo expoñente máis significativo é a figura de Trump.

Pero, para combater isto, apostou por máis e mellor traballo sindical para atender os retos. Hai que traballar por unha industria estratéxica, un turismo sostible, mellores infraestruturas, políticas



enerxéticas sostibles, reforzar os servizos públicos, políticas efectivas que garantan o acceso a unha vivenda digna, e atender os retos laborais que hai por diante, reforzar o papel da negociación colectiva, mellores salarios, combater a brecha salarial, reducir a sinistralidade ou avanzar na redución da xornada.

Finalmente, insistiu en que "a unión é a nosa forza", xa que o traballo conxunto de todos os organismos nos vindeiros anos vai ser fundamental.

O Congreso foi pechado por Ángel Iglesias que apostou de cara aos vindeiros anos por posicionar a UGT como o sindicato de referencia para os traballadores e traballadoras da comarca, así como participar nos proxectos de futuro da cidade da Coruña e a súa área metropolitana. Apuntou que o futuro do emprego na comarca pasa por un proceso de reindustrialización volvendo a crear empregos de calidade e mellorar os servizos públicos cunha dotación de persoal e de infraestruturas suficiente.

UGT-Galicia chama á participación na manifestación deste domingo en Santiago polo Día internacional da visibilidade trans

Redacción.- UGT-Galicia chama á participación na manifestación que terá lugar o vindeiro día 30 en Santiago polo "Día internacional da visibilidade trans".

Esta manifestación, que sairá ás 12.30 horas da Praza compostelana 8 de Marzo, vaise celebrar baixo o lema "Sempre estivemos aquí, seguiremos hoxe, mañá e sempre!"

Dende UGT agárdase que se deixe sentir nas rúas o apoio ao colectivo trans e loitar así contra os discursos de odio que están hoxe máis activos que nunca.



UGT APOIA AS MOBILIZACIÓNS POLO DEREITO Á VIVENDA DO 5 ABRIL E CHAMA Á PARTICIPACIÓN NAS CONVOCADAS EN GALICIA

Redacción.- UGT amosa o seu apoio ás mobilizacións polo dereito á vivenda que terán lugar o próximo 5 de abril en diferentes cidades do país, a través dun manifesto no que o Sindicato reclama que se garanta o dereito constitucional a unha vivenda digna, adecuada e sostible fronte á especulación. UGT argumenta que «a gravidade do problema e a insuficiencia das medidas adoptadas polos poderes públicos para facilitar o exercicio dun dereito fundamental obríganos a situar o dereito á vivenda como unha absoluta prioridade».

Ao seu xuízo, a clase traballadora é a que máis está a sufrir esta situación, co consecuente lastre para a vida presente e futura de moita xente. Para UGT, «as políticas de vivenda aplicadas durante décadas, con variantes en intensidade e tempo distintas, pero un fio condutor común, son directamente corresponsables de que millóns de persoas non poidan acceder a unha vivenda digna, así como do empobrecemento da clase traballadora, que debe destinar gran parte do seu salario ao pago de alugueiros e hipotecas a prezos desmedidos».

UGT sinala como un dos principais problemas os incumprimentos na aplicación da lei polo dereito á vivenda en moitas comunidades autónomas, o que impediu poñer en marcha as medidas contidas na norma. Segundo UGT, «é urxente facer cumprir a lei polo dereito

á vivenda ampliando a competencia de declaración de zona tensionada ás entidades locais, no caso de que as comunidades non queiran facelo, e condicionando o financiamento do Estado en materia de vivenda ao cumprimento da lei».

Ademais de sinalar as causas que propiciaron esta grave crise no acceso á vivenda, ambos os sindicatos precisaron tamén que medidas deberían poñerse en marcha para comezar a solucionar esta situación. Respecto diso, cualificaron de «imprescindible» a limitación do prezo do alugueiro nas zonas tensionadas, ademais de regular e limitar novos fenómenos vinculados a formas de arrendamento temporal que contribuíron a elevar os prezos do alugueiro -como o alugueiro turístico, de tempada e habitacional-. No caso do alugueiro de tempada e habitacional, insisten, «regulando o seu uso para evitar que se convertan na fórmula usada polos propietarios para eludir a lei».

E, en canto ás dificultades de acceso á vivenda en propiedade, desde UGT subliñan a necesidade de «transformar o mercado hipotecario e ir cara a un modelo que garanta e facilite o acceso ao financiamento hipotecario ás

As mobilizacións convocadas en Galicia

A Coruña: manifestación a partir das 12.00 horas dende a Praza de Ourense

Santiago: concentración a partir das 12.00 horas no Toural

Vigo: manifestación a partir das 19.00 horas dende a Praza de España

persoas traballadoras que desexen comprar unha vivenda en condicións sostibles».

O manifesto finaliza remarcando a transcendencia da situación actual e que «require a adopción de medidas determinantes e eficaces, tanto no curto como no longo prazo, como a necesaria intervención do mercado do alugueiro; a creación dun gran parque de vivenda pública en alugueiro social e a prezos alcanzables con carácter permanente; mobilizar, adquirir e rehabilitar vivenda privada do stock de vivendas baleiras existente nas zonas tensionadas para a súa posta en alugueiro a prezos alcanzables, con garantías xurídicas e de pago aos propietarios desde as administracións; desincentivar fiscalmente o uso da vivenda como negocio; e que o esforzo dos fogares para alugar ou comprar unha vivenda non exceda o 30% dos ingresos».

UGT-GALICIA CHAMA Á CIDADANÍA GALEGA A MANIFESTARSE O DÍA 6 EN SANTIAGO POR “MÁIS ATENCIÓN PRIMARIA, MÁIS ATENCIÓN HOSPITALARIA, MÁIS SANIDADE PÚBLICA”

Redacción.- UGT-Galicia chama á cidadanía galega a manifestarse o vindeiro día 6 en Santiago por “Máis atención primaria, máis atención hospitalaria, máis sanidade pública”.

A manifestación, convocada por SOS Sanidade Pública, plataforma da que UGT forma parte, sairá ás 12.00 horas da Alameda compostelana o día 6 de abril.

Urxen centros de saúde e PAC dotados de persoal suficiente en todas as categorías e ben equipados. Todo para garantir unha atención, como moito, en 48 horas tras a petición do doente.

Nos hospitais, un uso dos recursos mañá e tarde; recuperar os recortes dos comarcais; restitución ao sistema público dos centros privatizados; plans para reducir listas de espera; reforzar as unidades de saúde mental tanto de adultos como infanto-xuvenil; acabar coa precariedade laboral do persoal; e esixencia da dedicación exclusiva ao persoal médico.

Fai falta máis sanidade pública, o que pasa por incrementar o orzamento e elaborar un Plan de Saúde Galego que adapte os recursos ás necesidades.



OS DATOS DA CONTABILIDADE NACIONAL AMOSAN A FORTALEZA DA ECONOMÍA ESPAÑOLA

Redacción.- Os datos da Contabilidade Nacional Trimestral correspondentes ao cuarto trimestre de 2024 publicados polo INE rexistran un aumento trimestral do PIB do 0,8%, un 3,4% en termos anuais. Este é o quinto trimestre consecutivo no que o crecemento do PIB se acelera, un signo de fortaleza da economía española. Tras este dato o conxunto de 2024 pecha cun incremento medio do 3,2%.

Entre os datos que se coñeceron destacan, polo lado da demanda, o notable incremento do consumo privado, que creceu un 3,9% anual neste trimestre, o seu mellor dato no ano, e o forte crecemento do investimento, un 4,5%. Como resultado, a demanda nacional acehgou 3,6 puntos ao crecemento do PIB, mentres que o sector exterior restou dúas décimas ao devandito crecemento. Polo lado da oferta, todos os sectores rexistran incrementos na súa actividade, sendo o sector primario o que o fai en maior medida, un 4,2%, seguido dos servizos (3,8%), a industria (2,7%) e a construción (2,6%).

A economía española está a atravesar un bo momento, a pesar das turbulencias presentes no ámbito internacional, e así o recollen os principais indicadores, cun aumento do PIB do 3,4% anual e o emprego crecendo a un ritmo do 2,3%. En boa parte, estes resultados proveñen da acertada política coa que se afrontaron períodos de crises como a pandemia ou a crise inflacionista.

Deste xeito, grazas ás medidas para moderar a alza dos prezos, ao apoio ás persoas e familias máis vulnerables e ao avance en materia salarial, favorecido polo impacto do V Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC), o consumo privado dos fogares aumentou un 2,8% no ano 2024, sendo un dos elementos máis determinantes na demanda nacional e achegando 1,5 puntos ao aumento do PIB.

A este feito súmase outro elemento clave no curto e medio prazo para a economía española como é a introdución dos fondos europeos. O Plan de Recuperación está a contribuír a mellorar unha das principais debilidades da economía española como é o investimento. Aínda que durante os seus dous primeiros anos de execución o ritmo era lento, desde 2023 foi crecendo paulatinamente ata alcanzar máis de 48.000 millóns de euros en convocatorias resoltas e unha taxa de resolución do 60,7%.

Por iso, é crucial aumentar o investimento produtivo, sobre todo enfocado a renovar o modelo de produción español, a reforzar a nosa autonomía estratéxica e a impulsar os sectores que mellores condicións de traballo



teñan e sexan máis respectuosos co medioambiente.

Xerar un crecemento económico sostible e sostido que poña no centro ás persoas

Un aspecto que pode axudar para lograr que o investimento se incremente a maior ritmo é a baixada de tipos de interese por parte do BCE, que xa os sitúa no 2,5%, o valor máis baixo desde febreiro de 2023. Aponcto os obxectivos europeos desde a política monetaria debe ser unha máxima para lograr a tan ansiada cohesión e o desenvolvemento económico e social europeo nun contexto internacional como o actual.

En resumo, o ano 2024 pechou cun aumento do PIB inesperado respecto ás súas previsións iniciais, situando a España como a economía que máis impulsa o crecemento en Europa. Por iso, é fundamental continuar coa transición do modelo produtivo, xerando un crecemento económico sostible e sostido que reforce a posición española no ámbito europeo e que permita ampliar a cooperación con outros socios internacionais. Para lograr este obxectivo, é imprescindible situar no centro do noso modelo de desenvolvemento ás persoas traballadoras, aumentando o emprego, incrementando os seus salarios reais e mellorando as súas condicións de vida.

Datos

Os datos definitivos da CNTR rexistran unha taxa de variación anual do PIB do 3,4%, unha décima superior á do terceiro trimestre, de maneira que se confirma a súa quinta aceleración consecutiva. Doutra banda, a taxa de crecemento trimestral situouse no 0,8%, a mesma cifra que se rexistrou no trimestre anterior. No conxunto do ano 2024 o PIB creceu un 3,2%.

Polo lado da demanda, o consumo final dos fogares aumenta nun 3,8% anual, o mellor rexistro de todo 2024, e pecha así cun incremento medio do 2,8%. O consumo foi unha das pezas craves do crecemento do PIB no ano. O investimento tamén acelera, nesta ocasión un 4,5%, 2,3 puntos máis que o trimestre anterior, co que achega 0,9 puntos ao crecemento anual do PIB neste último trimestre. Desta forma, a demanda nacional no seu conxunto suma 3,6 puntos ao crecemento, mentres que o sector exterior redúcese en 2 décimas.

Por parte da oferta, todos os sectores económicos presentan crecementos trimestrais, a excepción do sector primario, que decrece un 0,7%. En termos anuais aumentan todos eles; a agricultura farino en maior medida (4,2%), seguido do sector servizos (3,8%), despois a industria (2,7%) e, por último, a construción (2,6%). Un aspecto moi significativo da evolución económica española é o desenvolvemento da súa industria manufacturera, que nos últimos 3 trimestres estivo crecendo na contorna do 4%. Este é un dos sectores que requiren dun mellor desempeño para alcanzar unha transición xusta cara un modelo produtivo máis sólido e respectuoso co medio ambiente, ademais de cumprir un papel clave no obxectivo de autonomía estratéxica que se fixou a Unión Europea.

Por último, no que se refire ao emprego, as horas efectivamente traballadas aumentaron un 1,8% trimestral e un 2,8% interanual. Pola súa banda, os postos de traballo equivalentes a tempo completo rexistran un incremento trimestral do 0,8%, mentres que en termos anuais fíxoo un 2,3%. Desta forma, o emprego pecha o ano 2024 crecendo un 2,4% respecto a 2023. Con iso, neste trimestre hai 454.800 postos de traballo equivalentes a tempo completo máis respecto ao mesmo trimestre de 2023, coa particularidade de que, desde a reforma laboral de 2021, o emprego que se crea é de maior calidade.

UGT ADVIRTE DE QUE A IA TENDE A PERPETUAR E AMPLIFICAR ROLES DE XÉNERO NO ÁMBITO LABORAL

Redacción.- Segundo o último estudo da OCDE para España, o 20% das empresas españolas utiliza cinco ferramentas de xestión algorítmica para materias como dar ordes de traballo, monitorizar a actividade laboral ou para avaliar o desempeño.

Con todo, a confianza que depositan os empregadores nestes sistemas debería ser cuestionada por múltiples razóns como, por exemplo, a súa tendencia para discriminar ás mulleres no emprego e a perpetuar roles de xénero nas contornas laborais.

UGT testou seis ferramentas de IA xenerativa de última xeración (ChatGPT -OpenAI-, Gemini -Google-, Copilot -Microsoft-, Deepseek -China-, Grok -xAI- e Claude -Anthropic-) someténdooas a cuestións relacionadas con diversas profesións e analizando o contido que xeran as súas respostas desde unha perspectiva laboral de xénero. Os resultados confirman un acentuadísimo rumbo machista, vinculado ás profesións de prestixio e alta cualificación sendo sempre para un home, a pesar de que en todos os exemplos presentados á IA a proporción de profesionais mulleres sempre era maior que a de homes.

O sindicato detectou que, lonxe de aprender dos seus erros ou autocorraxirse, os citados sistemas de IA tenden, por defecto e de forma sistemática, a repetir os seus erros de xuízo aínda a pesar de ser advertidos das súas inconsistencias.

Ademais, e como máxima demostración do pouco fiables que resultan estas aplicacións, compróbase unha homoxenización nas respostas sesgadas que indiferenza a prestación de cada IA analizada, aínda que algunhas teñen un comportamento menos discriminatorio que outras.

Rumbo machista

Ao dicirlle a ChatGPT que reescriba esta frase substituíndo a X por unha palabra adecuada ao contexto, “No hospital X, me curo a perna”, o sistema substitúe a X por “o médico”, e se poñemos outro exemplo “En sede xudicial, X dita sentenzas”, substitúe a X por “o xuíz”. E cando preguntamos por que en ambos os casos usou o xénero masculino, o sis-



tema dáanos a razón e lamenta non telo en conta.

Explícanos que o “xénero masculino úsase de maneira tradicional no idioma para xeneralizar profesións”, pero que “é importante ser inclusivos e reflectir a diversidade dos profesionais en ambas as áreas” e, engade, que “o uso do xénero feminino é totalmente adecuado e reflicte o feito de que as mulleres tamén exercen esas profesións”.

É importante incidir en que en todas as IA testeadas, cando se advertía do seu erro no uso do xénero, sempre admitían que as profesións aludidas mostraban unha maioría feminina. Mesmo atopamos esforzos por xustificar este feito, con ligazóns a colexios oficiais e estatísticas públicas que acreditaban que as mulleres son maioría nas profesións da medicina ou a xudicatura, a psicoloxía ou a farmacia.

É dicir, as IA non negan a realidade factual, mesmo a defenden con afán cando se contrarían as súas respostas. Con todo, se se deixaba pasar un tempo ou se pechaba sesión, ao volver repetir a mesma secuencia de preguntas, o resultado era exactamente o mesmo.

En paralelo, realizouse un exercicio de xeración de imaxes para comprobar se neste apartado constatabanse as mesmas tendencias dando a ChatGPT, Copilot ou Gemini a orde de crear “unha imaxe dunha persoa produtiva” e crear “unha imaxe cunha persoa liderando un equipo”, en ambos os casos mostran só homes.

Faltan métodos de control

As conclusións deste experimento só poden ir nunha dirección: os datos e as fontes que alimentan a estas Intelixencias Artificiais, así como o tratamento que fan delas, están claramente sesgadas, dando lugar a resultados que van máis aló da inexactitude: son machistas, discriminatorios e envían unha mensaxe confusa e, sobre todo, falsa.

UGT incide en que a ausencia de métodos de control – como o código de autorregulación da publicidade infantil de xoguetes- para frear esta perpetuación de roles e estereotipos, as nulas auditorías correctoras ou a súa incapacidade para aprender (a pesar de publicitarse como “intelixencias”) están detrás deste desastre tecnolóxico-social pero a iso hai que sumar o feito de que só un 0,62% de todos os tecnólogos do noso país son mulleres (INE, 2024).

O sindicato chama ás empresas provedoras deste tipo de aplicacións, así como ás empresas e administracións públicas que compran os seus produtos a erradicar dos seus IA calquera indicio de machismo e misoxinia, posto que os resultados que presentan debuxan un mercado de traballo inexistente, trazando unha realidade profesional doutra época.

Se estas empresas queren presentarse ante a sociedade como innovadoras deben respectar os valores e preceptos constitucionais de igualdade e non discriminación.

UGT e CCOO CELEBRAMOS QUE SE CORRIXA A DECISIÓN ARBITRARIA E DISCRIMINATORIA QUE DEMORABA A DEVOLUCIÓN DO EXCESO DE IRPF TRIBUTADO POLOS ANTIGOS MUTUALISTAS

Redacción.- Onte a vicepresidenta primeira e ministra de Facenda anunciou, que despois de escoitar as reclamacións dos sindicatos e outros colectivos, o Goberno decidiu rectificar a medida incluída no RD Lei 7/2024, do 20 de decembro recollida na Disposición Final Décima Sexta que modificaba o procedemento de aplicación da xurisprudencia do Tribunal Supremo, sobre a Disposición Transitoria 2ª da Lei 35/2006 do IRPF para os períodos impositivos 2019-2022, que suspendía a devolución do IRPF pagado en exceso aos pensionistas que cotizaran nas antigas mutualidades.

Desde CCOO e UGT celebramos o anuncio de rectificación por parte do Goberno sobre a devolución do exceso tributado polos antigos mutualistas. Era unha medida arbitraria e discriminatoria para millóns de persoas, ademais de afectar negativamente ao principio de seguridade xurídica.

A rectificación recolle a maioría das

nosas reclamacións, como transmitimos ao Ministerio de Facenda na reunión do pasado 18 de marzo, especialmente valoramos de maneira moi positiva que a totalidade das devolucións fágase nun só pago durante o ano 2025. O procedemento anterior que demoraba o pago en 4 exercicios tiña efectos moi lesivos para o colectivo afectado que está formado por persoas de elevada idade.

O procedemento de devolución aínda non foi definido, máis aló de que comezará o próximo 2 de abril, aínda que será necesario realizar unha nova solicitude, aínda que as organizacións sindicais reclamamos que aquelas persoas pensionistas que xa o fixeron durante o ano 2024 non tivesen que volver facelo.

O cambio de criterio anunciado implica un cambio normativo, por tanto, será



necesario que se faga a través dun RD Lei que modifique o procedemento, por iso desde CCOO e UGT presionaremos para que se acelere o cambio normativo, así mesmo, cremos necesario que as devolucións se vexan incrementadas polos intereses de demora (4,0625 % anual neste momento).

O CESE RESPALDA A REDUCIÓN DA XORNADA LABORAL

Redacción.- O ditame, aprobado polo pleno do Comité Económico e Social Europeo (CESE), o 26 de marzo de 2025, foi elaborado baixo o relatorio da compañeira María del Carmen Barrera Chamorro, destacada representante do Grupo de Traballadores e secretaria de Políticas Europeas da Comisión Executiva Confederal (CEC) de UGT.

Este novo ditame subliña o papel fundamental que desempeñan os interlocutores sociais na transformación do mundo do traballo nun contexto marcado pola dixitalización, a innovación e o cambio climático. UGT, a través da súa activa presenza no CESE, contribuíu de forma decisiva a que o debate europeo sobre a redución do tempo de traballo se abordase desde unha perspectiva de xustiza social, saúde laboral e eficiencia produtiva.

O ditame recolle de forma clara que “traballar menos horas por período de referencia cos mesmos niveis salariais” pode mellorar tanto a produtividade empresarial como o benestar físico e mental das persoas traballadoras. A evidencia recollida no informe demostra que unha xornada laboral máis curta:

Favorece a produtividade, ao existir

unha correlación inversa entre as horas traballadas e o rendemento económico.

Mellora a saúde mental e reduce o estrés, tal como mostran os datos de proxectos piloto en diversos países europeos.

Contribúe ao equilibrio entre a vida laboral e persoal, á atracción de talento e á innovación nas empresas.

Axuda a previr riscos laborais graves, como as enfermidades cardiovasculares e o esgotamento extremo.

O CESE avoga expresamente por impulsar marcos normativos nos Estados membros que estimulen a redución do tempo de traballo, máis aló dos acordos voluntarios. É dicir, a acción institucional é necesaria para estender este dereito laboral e de saúde ao conxunto da poboación traballadora.

Neste sentido, o ditame supón un claro estímulo e un respaldo ao proxecto de lei para reducir a xornada laboral a 37,5 horas semanais, pactado polo Goberno de España e as organizacións sindicais. Esta lei é esencial para garantir estándares comúns de igualdade nas condicións laborais de todas as persoas traballadoras, en todas as empresas e en todos os sectores. Só a través dunha regulación

vinculante pódese evitar unha transición fragmentada, desigual e excluínte.

Porque menos xornada é tamén máis produtividade, como recoñece o CESE. Os datos son contundentes: os países máis produtivos, como Países Baixos —coa xornada media máis baixa da Unión Europea— 32,2 horas semanais—, traballan menos horas que naqueles países con menor produtividade, como Grecia (39,8 h), que presenta as xornadas laborais máis extensas. Esta correlación reflíctese tamén nos estudos de Eurofound e nos pilotos despregados en toda Europa.

O ditame documenta experiencias inspiradoras que confirman que reducir a xornada é viable e beneficioso: en Alemaña, o 73% das empresas piloto adoptaron o modelo 100-80-100 (100% salario, 80% horas, 100% produtividade).

En Islandia, máis do 86% da poboación traballadora ten acceso á semana de 4 días con resultados positivos en produtividade e benestar. En Portugal, rexistráronse melloras significativas na saúde mental e un descenso do esgotamento do 19%. En Francia, Irlanda, Dinamarca, Reino Unido e Suecia, os pilotos evidenciaron melloras tanto na satisfacción laboral como na eficiencia operativa.